

# ESTRATEGIAS E DIRECCIÓNS DA NARRATIVA GALEGA ACTUAL

## Armando Requeixo

Hai un relato de Kafka, que seguro que todos coñeceredes, titulado “Perante a Lei”. O narrador praguense publicouno en 1915 nun pequeno semanario independente e logo incluíuno nun seu libro de contos de 1919, tamén ben coñecido: *Un médico de aldea*. Ese relato constitúe a cerna dun dos seus libros maiores: *O proceso*, este xa publicado postumamente, en 1925.

Pois ben, nese relato, como lembraredes, un vello labrego quere facerse digno aos ollos da Lei e vai na procura da mansión na que esta habita. Acontece que, cando chega á porta, un gardián da Lei prohíbelle a entrada. O velliño pregunta se poderá nalgún momento pasar e o gardián contéstalle, oracularmente, “por agora, non”. Así as cousas, o velliño decide agardar e agardar e agardar e consome toda a súa vida á porta da Lei, esperando a que, nalgún momento, o gardián lle deixe entrar. Tras moitos anos de paciente e infrutuosa espera, o velliño nota o alento da Morte e, consciente de que xa non lle queda moito tempo, volve dirixirse ao gardián para formularlle unha derradeira pregunta: “Mira unha cousa: se todos andan á procura da Lei, ¿como é que nos moitos anos que aquí levo ninguén máis ca min solicitou permiso para entrar no seu templo?” Entón, o gardián, sabedor de que a vida do velliño pende xa dun fío crebadizo, achégase a el e murmúralle ao oído a resposta: “Ninguén máis solicitou entrar neste templo da Lei porque esta entrada estaba destinada soamente a ti. E agora, pechareina para sempre”. E ata aquí o relato de Kafka.

Pois ben, esta impresionante historia describe á perfección a situación que a literatura galega leva a vivir nos últimos lustros. Na lectura que agora me interesa deste relato parabólico a literatura galega, a narrativa galega, é o paciente velliño labrego, a Lei é o olimpo do recoñecemento artístico e nós, as galegas e os galegos, somos os impertérritos e incommovibles gardiáns.

Vouno dicir claramente: a literatura galega, en xeral, e a narrativa galega, en particular, están a unha altura creativa e estética comparable á de calquera outra gran literatura do mundo. Polo tanto, poden, ¡e merecen!, entrar nese olimpo da gloria artística. Somos nós, dubitativos habitantes deste Finisterrae, quen desconfiamos das súas inmensas posibilidades. Somos nós os que non acabamos de apostar pola nosa literatura, desertando dela e deixando de lela todo o que cumpriría, condenándoa a unha pobre proxección social e mediática fóra de datas sinaladas, circunscibíndoa a unha elite de iniciados que, a fin de contas, non deixa de ser un modo de pechala nun gueto, todo o ritual e cerimonioso que se queira, pero gueto á fin. Somos nós, por tanto, os impasibles gardiáns que, de non cambiarmos, remataremos por deixar morrer, ás portas do ceo das letras, a nosa literatura.

Coido que, se o tempo dos antigos trovadores da Idade Media foi unanimemente considerado a Idade de Ouro da literatura galega e, se o primeiro terzo do pasado século, coa gloriosa Xeración Nós e a nosa mellor Vangarda histórica, foi comunmente descrito como a Idade de Prata das nosas letras, este último medio século, dende 1975 ata os nosos días e, moi particularmente, as últimas décadas, son, con certeza, a Idade de Platino da

literatura galega. E isto tanto dende o cuantitativo coma dende o cualitativo, como tentarei sintetizar nos vindeiros minutos.

Nunca antes de agora se publicou tanto, con tanta variedade, con tanta presenza e tan continuada proxección como nos nosos días. Abondará cunha cifra para confirmar o que digo: dende 1975 ata hoxe multiplicáronse por dez os libros de narrativa galega editados. ¿Que implica isto? Pois unha moi ampla oferta lectora. O que invalida a queixa que estou seguro de que algúns de vós, coma min, oístes dos labios dalgún amigo que se escusou de non ler en galego pretextando: “É que non hai suficiente oferta, non atopo obras coas que me acompañar todo o ano”. Porque, agora preguntovos eu: ¿hai alguén dos que aquí nos atopamos que sexa capaz de ler *todo* o que se publica en galego en cada anualidade?

E o que acabo de evidenciar verbo da oferta do número de títulos podo documentalo tamén respecto da calidade e variedade das liñas narrativas ensaiadas. Detereime unha miga nisto para ofrecervos, de paso, unha sintética caracterización xeral das estratexias ou direccións da prosa de ficción galega destes últimos anos.

A narrativa dos nosos días axustase ao que me gusta denominar o ‘efecto trama’. ¿En que consiste? Os profesionais da impresión gráfica saben ben que unha imaxe de trama, ollada a certa distancia, crea unha ilusión óptica pola cal o ollo humano percibe unha agrupación de puntos e espazos como se houbera un único ton continuo, cando en realidade, contemplada de preto, a imaxe revela un gran número de semitóns con notables contrastes de espazos e punteados.

Iso é o que lle acontece á literatura galega no seu conxunto e á narrativa en concreto: que popularmente tendemos a reducila a un bloque monolítico onde parece que todo é o mesmo, como se nun houbera unha extraordinaria e moi celmosa multiplicidade de propostas no seu interior. É máis, existe incluso algún xornal de gran difusión que, cando trata a literatura en castelán, distingue xéneros como a poesía, a narrativa, o ensaio etc., pero cando se refire á escrita no noso idioma simplemente se limita a meter todo nun mesmo caixón co rótulo de “galego”.

Evidentemente, a narrativa galega é moito máis e, sobre todo, en moitas máis direccións. Comezando polas moi nutridas posibilidades temáticas que oferta, que irisan múltiples tanto se as consideramos dende a óptica do subxénérico coma se atendemos ao referente espacial ou temporal. Así, dende o punto de vista do subxénero ensaiado, hoxe en Galicia podemos atoparnos con novelas e relatos de todo tipo: policíaco-detectivescos (pensemos nos textos de Domingo Villar, Miguel Anxo Fernández, Diego Ameixeiras, Pedro Feijoo ou Laura Caveiro, por exemplo), textos eróticos (só con lembrar os títulos galardoados no Premio Narrativas Quentes abondaría), de medo ou terror (pensemos en moitas obras de Agustín Fernández Paz ou Xabier Docampo, de Uxía Casal ou Xesús Manuel Valcárcel, entre outros), de ciencia ficción (aí os están Iolanda Zúñiga, Ramón Caride Ogando, Mariña Pérez Rei e demais), de aventuras (Marilar Aleixandre, Xavier Alcalá, Xavier Queipo), humorísticos (Bieito Iglesias, Gonzalo Navaza, Alfonso Álvarez Cáccamo, Xosé Luís Martínez Pereiro), escrita feminista (María Reimóndez, Eli Ríos, Xina Vega, Susana Sanches Arins, Antía Yáñez) e moitos outros subxéneros que sería longo de máis detallar aquí.

Do mesmo xeito, atendendo ao referente espacial, a narrativa actual conta con textos urbanos e experimentais que incorporan os ecos do realismo sucio e do posmodernismo en clave galega (pensemos en Suso de Toro, Xurxo Borrazás, Cid Cabido, Santiago Jaureguizar ou Manuel Darriba, por exemplo). No outro extremo estarían aqueles creadores que foron quen de configurar unha narrativa do neorrural, que recolle a esencia da tradición dos Fole, Neira Vilas e demais, pero que a actualiza e concreta nese novo espazo que é o rural galego do século XXI, con elementos sociolóxicos, comunicacionais e mesmo paisaxísticos moi diferentes aos doutro tempo. É aquí onde habería que inserir a obra de Ricardo Cid Paz, o noso premiado, quen reflicte na súa escrita os nosos eidos a través dunha nova ollada, antropoloxicamente agiornada, consciente da profunda mutación que a Galicia labrega sufriu, mais capaz tamén de transmitir toda a súa esencia orixinal, todo o seu telurismo e toda a súa idiosincrasia con novo selo; dito con palabras de sentenza clásica: viño novo en vedraios coiros.

Aínda habería que considerar, dende o espacial, un outro tipo de narrativa galega actual: a escrita cosmopolita; é dicir, aquela que ten referentes culturais definitorios ou localizacións foráneas. Son, estas, historias que transcorren nos máis diversos puntos do planeta e que traen á literatura galega novos aires, transfusión de sangue que renova os asuntos, personaxes e motivos tratados, como acontece nas obras de, poño por caso, Miguel Anxo Murado, Xavier Queipo, Eva Moreda, Ánxela Gracián ou Anna R. Figueiredo.

Referinme á gran variedade de propostas segundo o subxénero a que aludamos. Tamén da multiplicidade de propostas dependendo do vector espacial. Pero outro tanto podemos testemuñar se atendemos ao referente temporal. Así, na narrativa galega destes lustros contamos con obras ambientadas na época medieval (pénsense en títulos de Darío Xohán Cabana, Marica Campo, Nacho Taibo, Manuel Portas etc.), nos séculos do Galego Medio (aí as están as obras de Víctor Freixanes, Alfredo Conde, Xosé Ramón Pena ou María Solar, entre outros) e, xaora, moita narrativa sobre a Guerra Civil e a denominada *memoria histórica*, con títulos ben coñecidos de Manuel Rivas, Luís Rei Núñez, Chisco Fernández Naval, Antón Riveiro Coello, Inma López Silva, Chelo Suárez Muíños etc.

Podería pensarse que a capacidade de variabilidade das propostas narrativas galegas do noso tempo se esgota con todo o que levo dito sobre as diversas fórmulas subxenéricas, espaciais e temporais. Pois non. Nin moito menos. A nosa literatura modernizouse e amplificouse tamén noutros sentidos. Por exemplo: na mestizaxe de códigos interartísticos e comunicativos, tan propios do século XXI. Iso explica que poidamos atopar nas librerías narracións nas que hai produtos híbridos fílmico-narrativos, de narrativa en banda deseñada ou de écfrese narrativa.

É ese mesmo hibridismo, pero aplicado aos xéneros canónicos, o que dá conta do admirable mostrario de solucións centauro que podemos ver no mercado galego, no que conviven a narrativa aforística coas prosas poéticas, a narrativa escénica e os docudramas, os ensaios novelados e as biografías ficcionalizadas, as narrativas epistolares e os microrrelatos, a diarística-ficción e a escrita paraxornalística. E así podería seguir enunciando fórmulas e fórmulas e fórmulas a cada cal máis orixinal e suxestiva, pero non é do caso facervos aquí agora unha lista interminable.

Estaredes a pensar: “Ben, parece que hai variedade. Pero pouco máis poderá dicirse xa, ¿non?” Pois si. Aínda pode contarse moito máis. Porque: ¿que me dices da moi feraz tradición das narrativas galegas que abalan entre os extremos do realismo e o fantástico? Ben sabedes que vivimos nun país de fabuladores, así que, xunto a creadores máis virados aos realismos de correspondencia ou xenéticos, hai tamén entre nós moitos que cultivan a imaxinación desbordante, a fantasía extraordinaria, o parareal e mesmo o ultrareal. E poñede aquí vós os nomes que queirades, porque a nómina é longuíssima e non quero aburarvos.

Seguro que ides volver dicir: “Ben. Agora si. Agora xa está descrita toda a narrativa que se ofrece en galego. ¿Que máis se pode ler nesta lingua?” Ao que eu teño que retrucar: “Pois moito máis”. Por exemplo, todas as novas expresións nas que a nosa escrita vive no novo soporte dixital e que, convencionalmente, denominamos cibernarrativa. Pensade, senón, en obras que foron xa ideadas e publicadas só para un soporte de lectura interactivo a través da Rede. Por poñer só un par de mostras: algúns textos de Anxos Sumai ou Camilo Franco. Textos que, nalgún caso, mesmo foron pensados de xeito participativo, como escritura colaborativa na que o lectorado podía, e debía, coescribir a propia historia cos autores.

Ben, chegados a este punto podería seguir falándovos de máis modelos narrativos que se vós ofrecen en galego, pero penso que todo o que levo dito abonda para facer esta afirmación: non pode defenderse por máis tempo esa mentira piadosa tras da que algúns dos nosos amigos se escudan dicindo: “E que eu non leo en galego porque non atopo o tipo de narrativa que me gusta, non hai obras da miña temática ou do meu estilo”. Quen sostén isto ou está poñéndonos unha escusa para mal xustificar o seu desinterese ou, o que é peor, recoñece o seu descoñecemento absoluto do que se está a publicar en Galicia. Admito que se me diga: “Non leo en galego porque prefiro facelo en castelán. Ou en inglés. Ou en francés. Ou en swahili do norte. Pero non me parece xusto que se me intente convencer de que non se pode ler en galego porque non hai de onde. Iso é simplemente convidarme a ir cazar biosbardos”.

¿A onde quero chegar con todo isto que vos levo contado? Lembra como comecei esta charla e entenderédolo: non deberíamos seguir facendo de gardiáns. Somos nós, ninguén máis, os que estamos condenando o velliño da literatura galega que agarda á porta do Ceo dos libros para poder vivir a súa merecida gloria. E agora preguntovos: ¿imos seguir sendo cómplices? ¿imos continuar castigando o velliño, que é milenario e que leva dende o tempo dos trovadores medievais ofrecéndonos a súa amizade, a que morra soíño e esquecido ás portas da súa salvación, sen que poida vivir mil primaveras máis?

E remato como principiei: cunha parábola literaria que explica tamén unha falsa insatisfacción que nos resulta moi cómoda e que empregamos como pseudorrazón para minusvalorarnos e deixarnos caer no pensamento de que somos unha literatura menor.

Todos coñecedes o Capitán Ahab e a súa obsesión coa inmensa balea branca. Tal como nos lembra Melville, Ahab consagra a súa vida á captura de Moby Dick e, por esa teima, pon en perigo todo, ata a súa propia integridade e a dos amigos que o rodean. Tamén nós andamos decote cismando coa gran balea branca da narrativa galega, laiándonos a todos cantos nos oen de que a literatura galega non é o suficientemente boa porque non podemos presumir

dunha Moby Dick que sorprenda o mundo, dunha prodixiosa balea branca que sexa a admiración de todas as culturas do orbe.

E velaquí tendes outro dos máis enormes e velenosos ovos de serpe que nos afogan. Porque eu estou persuadido do contrario: de que iso que tan resignados lamentamos é, obxectiva e tamén emocionalmente, só un xeito máis de afundir a nosa autoestima. E é que, mentres andamos obsesionados coa caza de Moby Dick, estivemos todo o tempo cegos á fermosura inconmensurable de todas as baleas brancas que sulcaron as costas da vella Gallaecia. E balea branca, e ben espectacular, foi no seu día *A esmorga*. E tamén o *Merlín e familia*. E *Vento ferido* e *Percival e outras historias*. E, máis contra nós, *A nosa cinza*, *O triángulo inscrito na circunferencia* ou *Xa vai o griffon no vento*. E, no noso tempo, *O lapis do carpinteiro* ou *Tic tac*. E aínda outras como *Ruído*, *As rulas de Bakunin*, *O sol da colleita* ou *Tristes armas*.

Porque, amigas e amigos, hai baleas brancas entre nós e son moi fermosas. Cada un tendes que atopar a vosa. Facede a proba con “O isco” de Ricardo Cid Paz e seguides navegando por toda parte. Veredes que hai moito océano literario galego por descubrir e asegúrovos que aniñará en vós o corazón de Sinbad e que desa doce viaxe non queredes regresar. E si, entón cumprírase a profecía cunqueriana e seremos quen de mil primaveras máis.

Graciñas!